



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



CIRCULAR 57/2009

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MONTAÑA

Esgos, 12 de xullo do 2009

A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Ourense e coa colaboración do Concello de Esgos organizará o Campionato Galego de montaña que terá lugar o vindeiro **domingo día 12 de xullo** na localidade ourensana de Esgos.

Inscricións

Todos os atletas federados que desexen participar neste campionato deberán formalizar a súa inscrición por medio do seu club na plataforma online na web www.atletismogalego.org.

O prazo de inscrición rematará o **martes 7 de xullo ás 20:00 horas**.

Poderán intervir todos aqueles atletas nados no ano 1991 e anteriores, que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2008/2009) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Premiacións

Os tres primeiros atletas clasificados nas categorías junior, promesa e absoluto recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Confirmacións das inscricións

Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Horario e distancia

A saída está prevista para as 09:45 horas diante da Casa do Concello de Esgos. A carreira discurrirá por un recorrido de 13 kilómetros, haberá postos de avituallamento para os participantes.

Percorrido

- Saída da Casa do Concello de Esgos [582m.]
- Subida ás piscinas, descenso ó pobo de Meiroá e Calsomiro (pola ruta de sendeirismo "CAMIÑO REAL". Homologada PR-G4)
- Subida ata o Peto das Ánimas; tramo de descenso e de novo ascenso ata o Mosteiro de San Pedro de Rocas. **Avituallamente líquido**
- Subida ata a estrada asfaltada
- Tramo de 200m. pola estrada de asfalto e novo camiño que nos leva ó pobo de Arcos. **Avituallamente líquido**
- Saída de Arcos en dirección a Gomariz pola estrada asfaltada
- No primeiro desvío á dereita (a 300 metros do pobo) polos camiños da ruta "CAMIÑO NATURAL DA RIBEIRA SACRA" dirección Virxe do Monte [962m.] **Avituallamente líquido**
- A proba finalizará no Eirado. **Avituallamente líquido e sólido.**

Mais información

Para calquer outra información de como chegar ou organización, poden visitar a web www.concelloesgos.com ou chamar aos teléfonos 988290040 e 988290000.

A Coruña, 23 de xuño do 2009

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

